



Galicia

# GALICIA

## LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA  
polo TEU  
**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 906 Semana do 30 de maio ao 5 de xuño de 2022

**A PESAR DOS BOS DATOS, UGT ADVIRTE QUE OS INDICADORES EN GALICIA SON PEORES QUE NO RESTO DO ESTADO E QUE URXEN POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO MÁIS EFICACES**

## A MELLORA DO EMPREGO ESIXE UNHA SUBA XENERALIZADA DOS SALARIOS

*Os datos do paro do mes de maio corroboran a importancia da reforma laboral no impulso á calidade do emprego. Os contratos fixos en Galicia xa supoñen o 38% do total*

**Redacción.**- Os datos de paro do mes de maio mostran novamente unha evolución positiva do emprego, cunha porcentaxe de contratación indefinida que segue sendo moi elevada, e unha afiliación que mantén as súas taxas de crecemento anual. Uns datos moi valorables, consecuencia en gran medida da Reforma Laboral, que se enmarcan, con todo, nun contexto económico que reflicte dúas preocupacións crecentes: dun lado, a elevada inflación, que se situou nun 8,7% anual no mes de abril; e doutro, a incerteza derivada do conflito en Ucraína e da escaseza de subministracións e alimentos que xa está a xerar.

UGT destaca a influencia da reforma laboral no mantemento dun ritmo de creación de emprego tan elevado como o actual e, sobre todo, a mellora da súa calidade, que reforza mes tras mes a orientación da reforma consensuada. Neste mes, o 37,96% do total de contratos asinados foi de carácter indefinido (44,5% no resto do Estado). Así, a contratación indefinida aumenta un 313% en relación a hai un ano. Isto, ademais, débese non só a un forte aumento da contratación indefinida, senón ao descenso da contratación temporal, do 28,26%, sobre todo daqueles contratos de menor duración, os máis precarios.

Nun momento no que se segue creando emprego e onde existen uns niveis de inflación tan altos, é fundamental subir os salarios. En abril de 2022, a media da subida salarial en convenio no que vai de ano alcanzaba o 2,4%, mentres que a media da taxa anual do IPC no mesmo período situábase no 8%, o que está a impactar moi negativamente nos petos dos traballadores e traballadoras e sobre o conxunto da economía.

A pesar de que se adoptaron medidas para paliar as tensións sobre os prezos enerxéticos, estas non foron todo o efectivas que se esperaba. A inflación segue desbocada, e a negativa da patronal para asinar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva xera unha indesexable situación de tensión nas empresas. Pero as persoas asalariadas non poden ser as pagás desta crise, mentres as empresas aumentan as súas mar-

xes sen parar. Por iso, UGT mobilizarase o 9 de xuño para lograr que a patronal acepte incluír as cláusulas de revisión salarial nos convenios colectivos.

Para UGT-Galicia, queda moito camiño por percorrer para reconducir a precariedade laboral do mercado de traballo. Ademais, existen outros problemas estruturais que seguen sen atacarse adecuadamente, como sucede co desemprego de longa duración. Segundo os datos do primeiro trimestre da EPA hai 57.200 parados en Galicia que levan máis dun ano buscando emprego, practicamente a metade do total. O paro de longa duración trunca a vida laboral dun gran número de persoas, afundindo a capacidade de consumo e a calidade de vida de centos de miles de fogares, como reflicten estas cifras.

Por iso, o sindicato esixe unhas Políticas Activas de Emprego máis eficaces para adaptarse á realidade de cada persoa, que sexan capaces de solucionar os problemas de cada unha delas, para así lograr a reinserción laboral. En particular, UGT está a esixir que para a nova Lei de Emprego se estableza un proceso de avaliación destas políticas, así como unha mellora no financiamento para que sexa adecuada e suficiente, pero cuns criterios vinculantes para a súa aplicación en cada territorio.

Continuando coa análise dos datos, estes indican que hai en Galicia un total de 146.120 persoas no paro, dende o ano 2007 non se rexistraban cifras tan baixas. No Estado esta cifra é de 2.922.991 persoas.

Así, o paro baixa no mes nun 2,98% en Galicia, aínda que dun xeito máis acusado no Estado, nun 3,29%. En relación a hai un ano, o paro baixa o 11,61%, de novo, unha contratación menos acusada que no resto do Estado, onde a baixada é do 22,70%.

Deste total, 5.776 son menores de 25 anos e, en relación ó mes anterior, o paro entre os máis mozos baixou nun 9,82% e en relación a hai un ano nun 7,09%.



Por sexos, o paro baixou entre as mulleres no mes nun 2,58% e un 3,52% entre os homes. No ano a contracción foi do 11,73% no caso dos homes e dun 11,51% entre as mulleres. Estructuralmente, as mulleres seguen a representar o 58,24% do total do desemprego rexistrado en Galicia, 85.094 mulleres, fronte a 61.026 homes.

Por sectores, no mes o desemprego cae en todos. Na industria, nun 3,33%; nun 1,37% no primario; o 2,85% na construción; o 3,11% nos servizos; e o 2,13% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa o paro considerablemente en todos os sectores. O 7,67% no primario; o 16,01 na industria; o 12,84% na construción; o 12,05% nos servizos; e o 0,97% no colectivo de sen emprego anterior.

En termos provinciais, baixa en todas. En Ourense, 3,32%; un 2,55% na Coruña; o 1,78% en Lugo; e o 3,59% en Pontevedra. No ano a contracción é forte en todas, do 12,83% na Coruña; 13,53% en Lugo; 10,21% en Ourense; e do 10,26% en Pontevedra.

En materia de contratación indefinida os datos son moi bos e poden cualificarse de históricos, cunha porcentaxe que chega ó 38%. Esta porcentaxe sube ata o 64,5% no caso da agricultura, ó 75% na construción; e é o 28% na industria; e do 37% no sector servizos.

En canto á cobertura por desemprego, a taxa situábase no 60,42%, con 83.668 beneficiarios. No mes a afiliación á Seguridade Social é en Galicia de 1.040.748, medrando un 0,65%. No ano este incremento foi do 2,99%.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## A XUSTIZA FALLA CONTRA CSIF POR VULNERAR O DEREITO AO HONOR DE UGT E CCOO

*O sindicato corporativo é obrigado a eliminar a información obxecto da demanda e a publicar integramente a sentenza nos mesmos medios utilizados para a súa difusión e durante o mesmo tempo*



### FALLO

ESTIMO ÍNTEGRAMENTE la demanda interpuesta por **COMISIONES OBRERAS GALICIA Y UGT GALICIA** contra **CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS (CSIF)**, y, en consecuencia:

1.- DECLARO lesionado el derecho al honor de los actores por parte de la demandada con la publicación titulada “CCOO Y UGT conocian y ocultaron la intención del PP de imponer la movilidad forzosa” realizada en el boletín “Herald Toupeiras, Boletín Independiente dos empregados públicos” y publicada digitalmente en la página web <https://heraldtoupeiras.es> en fecha de 29 de enero de 2021.

2.- CONDENO a la demandada a eliminar dicha publicación de la señalada página web.

3.- CONDENO a la demandada a publicar ÍNTEGRA la presente sentencia en el mismo medio utilizado para la difusión del boletín, página web <https://heraldtoupeiras.es>, y durante el mismo tiempo en que estuvo expuesta la anterior información.

**Redacción.-** O Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Santiago condena o sindicato CSIF por vulnerar nunha publicación dixital o dereito ao honor de CCOO e UGT. O texto obxecto da demanda publicouse no boletín web ‘Herald Toupeiras’, editado polo sindicato corporativo, e acusaba aos denunciante de conivencia coa Xunta de Galicia para impoñer a mobilidade forzosa dos funcionarios.

Na publicación, a CSIF aludía a unha reunión —no contexto do diálogo social— onde supostamente ambos os sindicatos tiveran coñecemento desta decisión e actuaban en connivencia co PP para impoñer a mobilidade forzosa ao persoal funcionario. Pártese dun feito non veraz e non contrastado para realizar unhas afirmacións “claramente difamatorias e atentatorias contra o honor dos demandantes nun tema intrinsecamente ligado á súa actividade e fin legal constitucional, a defensa dos dereitos dos traballadores”, precisa a sentenza.

A sentenza deixa claro que CSIF

non transmite de xeito “recto e veraz a información que pretende comunicar, baséase en simples conxecturas ou rumores non confirmados”. A sentenza tamén afirma que queda probado que as conclusións que extrae a CSIF no seu artigo teñen como único fundamento a simple participación de UGT e CCOO na devandita mesa de diálogo social, «sen ter coñecemento concreto do tratado na mesma ou se efectivamente se abordou o tema da mobilidade forzosa». Por tal motivo, a sentenza afirma que a publicación está dirixida «claramente a difamar» a actuación dos demandantes CCOO e UGT.

Na súa defensa, a CSIF pretendeu ampararse na liberdade de información, malia que a xurisprudencia é clara que só pode prevalecer sobre o dereito ao honor se a información cumpre co requisito da veracidade, «e por veracidade ha entenderse o resultado dunha razoable dilixencia por parte do informador para contrastar a información», recolle a sentenza. Dilixencia que, como aclara a propia sentenza, neste caso non consta nin se acre-

dita.

Antes de chegar á vía xudicial, CCOO e UGT esixíranlle á CSIF unha rectificación pública que nunca se produciu. A sentenza estima integramente a demanda e condena o sindicato corporativo a eliminar a información obxecto da demanda e a publicar integramente a sentenza nos mesmos medios utilizados para a súa difusión e durante o mesmo tempo. Así mesmo, deberá aboar a cantidade simbólica dun euro a cada un dos sindicatos denunciante e a aboar as custas xudiciais.

### “Non todo vale”

Tanto UGT-Galicia como o S. N. de CCOO de Galicia valoran positivamente esta sentenza, que deixa «moi claro que non todo vale na loita sindical». Ambas as organizacións insisten en que “as mentiras e as calumnias non teñen cabida para desacreditar o gran traballo que os sindicatos de clase facemos en defensa dos traballadores e das traballadoras”.

## UGT-GALICIA E O PSDeG ANALIZAN NUNHA XUNTANZA A SITUACIÓN ECONÓMICA, LABORAL E SOCIAL DE GALICIA

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT Galicia, xunto co secretario de Organización e a secretaria xeral de UGT Servizos Públicos e o secretario xeral de UGT FICA, reuníronse este xoves co máximo responsable do PSdeG e outros membros do partido para analizar a situación económica, laboral e social que está a atravesar Galicia.

O secretario xeral de UGT-Galicia valorou os bos datos do emprego e, sobre todo, os de contratación indefinida, consecuencia da reforma laboral. Non obstante, advertiu que os datos de Galicia son peores que as medias estatais, polo que hai que seguir traballando nas eivas do mercado laboral galego.

Fixo fincapé en que nun momento no que se segue creando emprego e onde existen uns niveis de inflación tan altos, é fundamental subir os salarios. En abril de 2022 a media



da subida salarial en convenio no que vai de ano alcanzaba o 2,4%, mentres que a media da taxa anual do IPC no mesmo período situábase no 8%, o que está a impactar moi negativamente nos petos dos traballadores e traballadoras e sobre o conxunto da economía.

Tamén puxo en valor o traballo do Sindicato en materia de concertación social, que trouxo consigo unha serie de medidas e acordos que paliaron os efectos da crise sobre as familias e traballadores, reforma laboral, acordo dos ERTE's, SMI ou reforma das pensións.

## SEGUIMIENTO MASIVO DAS TRES XORNADAS DE FOLGA EN CORREOS E GRAN MANIFESTACIÓN EN MADRID

**Hoxe, na terceira xornada de folga, os traballadores galegos mobilizáronse en Santiago**

**Redacción.-** Seguimento masivo nas tres xornadas de folga convocadas en Correos por UGT, xunto con CCOO. Ademais da participación multitudinaria, duns 20.000 traballadores e traballadoras, na manifestación polas rúas de Madrid que culminou cunha concentración diante do Congreso dos Deputados. Galicia acudiu a esta manifestación cunha nutrida representación dos traballadores e traballadoras de Correos da Comunidade.

Ao finalizar o percorrido da manifestación catro traballadores das principais categorías laborais de Correos explicaron a deterioración postal e a precariedade laboral que sofren na maior empresa pública do país.

No Congreso dos Deputados os manifestantes recibiron o apoio e a solidariedade de representantes dos grupos parlamentarios do Congreso de ERC, Compromiso, Partido Popular, Unidas Podemos, cunha sonora ausencia do PSOE.

A folga xeral, que comezou na quenda de noite do día 31, paralizou os grandes centros postais de Correos.

UGT esixe un modelo postal pú-



blico de país avalado polo conxunto da sociedade, que garanta o carácter público e social do servizo postal público que chegue a todos os recunchos do Estado e da España baleirada, á vez que preste servizos das administracións de interese económico social con financiamento público suficiente e con investimentos para a súa modernización, diversificación e internacionalización que o fagan sostible económica e socialmente para prestar un servizo de calidade á cidadanía do país.

Ante o éxito sen paliativos da marea amarela postal que fixo unha emenda á totalidade do plan estratéxico de Correos, é evidente que o Goberno debe mover ficha se non quere ter un custo social e político impredecible.



## IX ENCONTRO ANUAL DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DE UGT DE TODA GALICIA ORGANIZADO POLA UXP EN VIGO



**Redacción.-** O IX Encontro organizado pola UXP de UGT-Galicia, nesta edición en Vigo, congregou a centos de xubilados e pensionistas de toda Galicia que compartiron unha xornada festiva cun almorzo e unha visita en catamarán ás illas Cíes.

Neste acto participaron, entre outros, os secretarios xerais de UGT-Galicia, UGT-Vigo, da UXP de UGT-Galicia, da UXP de UGT-Vigo, o secretario de Política Social da UXP estatal e

unha representación da Deputación de Pontevedra e do Concello de Vigo.

### Homenaxe

No Encontro rendiuse homenaxe, pola súa traxectoria dentro do Sindicato, ao que actualmente é secretario de Atención ao Afiliado da UXP de Vigo, José Antonio Gómez da Silva.

## A ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA CONCENTRA A MAIOR OFERTA DE PRAZAS PARA ESTABILIZAR EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL CUN TOTAL DE 6.988

**En aplicación da Lei 20/2021 de redución da temporalidade nas administracións públicas, as deputacións, concellos e organismos dependentes dos entes locais publicaron un total de 264 convocatorias**

**Redacción.-** A Lei 20721 establecía como data límite para formalizar a OPE extraordinaria de estabilización o 31 de maio de 2022. UGT Servizos públicos fixemos o seguimento día a día das publicacións nos boletíns provinciais (BOPs) e no DOG de concellos e deputacións que anunciaron a OPE de estabilización conforme ao establecido na Lei 20/21. Tamén incluímos as entidades locais, mancomunidades e organismos dependentes dos concellos que fan o mesmo anuncio de estabilización.

Cómpre sinalar que algúns concellos xa publicaron antes de rematar o ano 2021 convocatorias de OPE no DOG e non no BOP que lle correspondía, e algúns non publicaron nada.

O total de OPES publicadas é de 264 e o total de prazas é de 6.988 prazas a estabilizar, que teñen a seguinte distribución por provincias:

Coruña con 93 concellos anuncia

a estabilización en 68 (73,1%). 2.160 prazas a estabilizar.

Lugo con 67 concellos anuncia a estabilización en 57 (85%). 1.240 prazas a estabilizar.

Ourense con 92 concellos anuncia a estabilización en 88 (95,6%). 1.789 prazas a estabilizar.

Pontevedra con 61 concellos anuncia a estabilización en 51 (83,6%). 1.799 prazas a estabilizar (concellos + deputación + entidades).

Trátase, sen dúbida, de datos de ofertas de prazas moi elevados no marco dun proceso extraordinario no que o concurso de méritos será a vía de acceso maioritaria.

As OPEs da Administración local en



Galicia, que no seu conxunto resulta a maior oferta de prazas de todas as administracións (autonómica, central, Sergas ou ensino), demostran a veracidade das afirmacións do sindicato que situaban a Administración local como a de maior temporalidade de emprego público.

## SEIS NOVAS XORNADAS DE FOLGA NO METAL DA CORUÑA ANTE AS DIFICULTADES PARA PECHAR UN ACORDO DE CONVENIO COLECTIVO

**Redacción.-** UGT, xunto con CCOO e CIG, manteñen os seis días de folga convocados no sector do metal da provincia da Coruña (7, 8, 9, 28, 29 e 30 de xuño) ante o inmovilismo da patronal e a imposibilidade de pechar un acordo para o convenio colectivo do sector, que afecta a máis de 16.000 traballadores.

O día 1 houbo unha última xuntanza na que a patronal presentou unha proposta moi similar á do 6 de abril que xa fora rexeitada polos traballadores. A consecuencia naquel momento foron catro xornadas de folga no mes de maio.

Pola contra, os sindicatos si trataron de achegar posturas pero non se conseguiu desbloquear o conflito. Está programada unha nova xuntanza para o vindeiro luns, día 6, xusto un día antes da primeira xornada de folga.



Os traballadores insisten en que na actual conxuntura de prezos desbocados non poden seguir perdendo poder adquisitivo e que outro dos puntos que xera maiores dificultades é a demanda do dereito á subrogación de todo o sector.

Outras das demandas pasan por incrementar un día de vacacións, a regulación dos pluses de toxicidade, penosidade e perigosidade, así como, poñer freo aos abusos das ETT's e das mu-tuas.

## UGT Servizos Públicos mobilízase en apoio ás traballadoras do servizo de axuda a domicilio do Concello de Santiago

**Redacción.-** Este martes UGT Servizos Públicos concentrouse ás portas do Concello de Santiago como símbolo de apoio ás reivindicacións das traballadoras do servizo de axuda a domicilio que insisten en demandar o cumprimento e a mellora das condicións laborais.



## Hai que establecer nas empresas plans de prevención de adiccións

**Redacción.-** UGT demanda políticas eficaces para reducir o consumo de tabaco e evitar o inicio a idades temperás; campañas públicas de prevención e información e programas de axuda para deixar de fumar. Hai que actuar, tamén, no seo das empresas implantando plans de prevención de adiccións.

Este ano o lema da Organización Mundial da Saúde (OMS) é "O tabaco, unha ameaza para o noso medio ambiente", que ten por obxectivo sensibilizar sobre o impacto ambiental que ten o tabaco, desde o seu cultivo e produción ata a súa distribución, sen esquecer os residuos que xera, dando aos consumidores de tabaco un motivo máis para deixalo.

Segundo a OMS, os efectos que a fabricación de cigarros ten para o medio ambiente

son nefastos: 600 millóns de árbores cortadas para fabricar cigarros, 84 millóns de toneladas anuais de dióxido de carbono que aumentan a temperatura do planeta e 22.000 millóns de litros de auga utilizados para fabricar cigarros.

O tabaco mata a máis de 8 millóns de persoas cada ano no mundo e en España os produtos do tabaco causan a morte a 142 persoas ao día, segundo o Comité Nacional para a Prevención do Tabaquismo. O tabaco é o maior responsable da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica e dun número importante de infartos e cancros.

Segundo a enquisa IDADES 2019-2020, Módulo laboral, do Plan Nacional sobre Drogas: incrementouse o consumo de tabaco (pasando do 33,1% en 2007 ao 35,6% en

2019); hai unha maior prevalencia de consumo de tabaco diario nas persoas en paro; e as porcentaxes de fumadores máis altas atópanse entre os traballadores e traballadoras manuais e aqueles que traballan en servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.

A Lei do Tabaco, de 2005, está pendente da modificación que prohiba fumar nas terrazas de bares, restaurantes, parques, praias, instalacións deportivas ao aire libre e en vehículos privados cando viaxen nenos ou mulleres embarazadas. Con todo, queda moito por facer, pois o tabaco segue sendo a segunda substancia adictiva máis consumida en España, por detrás do alcol. Tamén segue sendo a droga que se consome á idade máis temperá, aos 14 anos.

## SUBIR OS SALARIOS É A PRIORIDADE PARA UGT

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, clausurou xunto ao secretario xeral de UGT-Aragón, Daniel Alastuey, o Seminario de Diálogo Social e Negociación Colectiva, que tivo lugar en Ligüerre de Cinca (Huesca).

Pepe Álvarez subliñou a importancia dos trece pactos alcanzados estes meses no marco do Diálogo Social pero lamentou que cando xa estabamos a saír da pandemia e estíbese recuperando a economía o conflito militar en Ucraína e a inflación freasen o crecemento.

Álvarez destacou que, aínda que se conseguiron moitos obxectivos, como a derogación da reforma laboral ou a das pensións, que conseguiron avances importantísimos, como a redución inmediata da temporalidade, a mellora da calidade do emprego ou a revalorización das pensións co IPC, agora, “subir os salarios é a principal prioridade do sindicato. Neste sentido, ante a ausencia dun AENC para este ano debido á postura inamovible da patronal que expón subidas insuficientes e négase a negociar, toca seguir negociando e loitando convenio a convenio”.

“Con datos ata abril”, informou, “hai 2.037 convenios con efectos económicos en 2022 (119 asinados en 2022), que afectan a 5.376.480 traballadores, cunha subida salarial media de 2,4%, pero só o 15,6% dos convenios e o 26,9% dos traballadores están protexidos por cláusula de garantía salarial”.

“As subidas salariais son dun 3,15% na construción, 3,11% na industria, 2,07% en servizos e 1,78% no sector agrario, polo que debemos efectuar mobilizacións para activar a negociación colectiva. De aí o acordo con CCOO polo que pedimos unha subida do 3,5% en 2022, o 2,5 en 2023 e o 2% en 2024 e que todos os convenios teñan cláusula de revisión salarial. A clase traballadora non pode seguir perdendo poder adquisitivo”.

“A negociación colectiva non está parada”, sinalou, “pero debe incrementarse radicalmente na liña de avanzar nas condicións laborais e na recuperación da capacidade adquisitiva dos salarios”.

En relación á inflación, o secretario xeral de UGT agradeceu o empuxe do Goberno para lograr a illa enerxética ibé-

rica que reduciu significativamente as facturas, pero resaltou que “a cifra do IPC segue sendo moi preocupante e require medidas de contención de prezos inmediatas coa participación do diálogo social”.

“Necesitamos políticas progresistas, que non castiguen á xente, nin aos seus salarios, e non deteñan a recuperación e a transición ecolóxica da economía. Con todo, baixar impostos implica recortar servizos públicos e o Estado de Benestar e sabemos, por experiencia, que non é a solución”, engadiu.

En canto ao reto da España baleirada, Pepe Álvarez manifestou que “hai que aproveitar os fondos europeos e investir en sectores públicos de calidade e crear emprego de calidade para que as zonas rurais sexan atractivas para os mozos, e que poidan establecer os seus proxectos de vida alí”.

No seminario interviñeron ademais Rafael Espartero, vicesecretario de Organización de UGT, e Salvador Duarte, secretario de Comunicación, Redes Sociais e Axenda Dixital do sindicato.

## UGT RECLAMA UN GRAN PACTO DE ESTADO QUE IMPULSE UNHA SANIDADE EFICIENTE, GRATUITA E UNIVERSAL

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais e Vivenda de UGT, Ana Isabel Gracia, inaugurou un curso de UGT sobre o sistema sanitario español. Un curso no que reclamou un Pacto de Estado “que realice unha revisión do modelo sanitario, con suficiencia orzamentaria, que permita responder os desafíos futuros relacionados coa emerxencia climática, os cambios demográficos, o envellecemento, as enfermidades crónicas, a tecnoloxía, a formación dos profesionais adecuada aos resultados de investigación, etc.”.

Un pacto que impulse un “Sistema Nacional de Saúde fortemente cohesionado, solidamente equitativo, gratuito (no acceso a todas as prestacións), con valores e principios de universalidade, de calidade, que sexa innovador e proactivo, excelente e eficiente, con perspectiva de xénero e que coide e promocioe a saúde das persoas ao longo de toda a vida e en todas as súas esferas”.

Para Ana Isabel, a sanidade pública “viuse recortada durante unha década e sufriu unha gran deterioración no noso país, aumentado a desigualdade entre os cidadáns pola fragmentación da carteira de servizos, as privatizacións financiadas con fondos públicos, polos copagos, pola deterioración da asistencia

sanitaria, as listas de espera e a deterioración dos servizos de asistencia sanitaria nos centros de saúde pública”.

Neste sentido, lembrou que España “destina o 6,6% do PIB a Sanidade, fronte ao 9,9% alemán ou o 9,2% sueco. É necesario o aumento dos orzamentos en Sanidade, chegando ao 7,5% do PIB, para prover a cohesión do sistema sanitario, que sexa gratuito no acceso a todas as prestacións que estas sexan adecuadas en calidade e cantidade, que coide e promocioe a saúde das persoas en todas as súas esferas”.

Ademais, sinalou que o gasto do sector privado representa o 2,7% do PIB, o que produciu un aumento progresivo da débeda pública en Sanidade. UGT sempre estivo en contra de todas as formas de privatización e defendeu a Sanidade Pública como instrumento de redistribución das rendas que garante o acceso igualitario á atención da sanidade, independentemente do nivel socioeconómico”.

A secretaria de Políticas Sociais e Vivenda de UGT resaltou a necesidade de protexer os dereitos en saúde da cidadanía e, para iso, ne-



cesítanse recursos económicos e humanos suficientes. Por iso, “resulta imprescindible aumentar o orzamento sanitario ata o 25% do total, xa que a maioría das comunidades móvense entre o 11% e o 18%”.

“O Sistema Nacional de Saúde é un instrumento público de solidariedade que axuda á redistribución da renda, ademais de loitar contra as desigualdades entre as persoas, e a deterioración do mesmo supón un aumento da brecha social”, considerou. Por iso, reclamou “a elaboración do libro Branco da Sanidade e o impulso dun Pacto de Social en prol da sanidade pública para dotar ao noso país dun Sistema Nacional de Saúde como símbolo de solidariedade colectiva, que implique a todas as forzas políticas e a todos os sectores da sociedade”.